




DA PRAIA DE MEIRÁS AO PORTIÑO

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 5 a km (circular)

Dificultade: baixa



No concello de Valdoviño, na parroquia de Meirás, entre a península de Lavacerido e a punta do Porto fórmase unha pequena enseada nun tramo de costa moi recortado no que se atopan varias praias de pequenas dimensións, abrigadas e con características e orientacións diferentes o que permite aproveitalas en distintas horas do día e entre unhas e outras cantís de escasa altura ou zonas rochosas.

A costa de Valdoviño está incluída no LIC/ZEC "Costa Ártabra".



Punta do Portiño



Praia de Meirás
ou Do Río

PERCORRIDO

O percorrido de ida e volta podemos comezalo en calquera punto. Comezando na **praia do Río** facemos un percorrido por ela pola beira do rego que desemboca nela e subimos polas escaleiras que hai ao fondo para seguir pola estrada. No enlace collemos á esquerda e seguimos ata o enlace seguinte onde volvemos a ir á esquerda para achegarnos ao mar. No remate da estrada collemos á dereita para beirar a **praia do Cano Grande** antes de chegar ao aparcadoiro da praia dos Botes, alí cruzamos cara á piscifactoría, rodeámola para acceder á **praia do Porto**, de coios, pero moi tranquila e ben protexida por varias rochas e os **illotes Herbosa e a da Capela** enriba da que se atopa a **ermida da Virxe do Porto**. Continuamos o percorrido polo perímetro da punta par ver os seus recantos, o **illote do Castelo** e a pegada de varios puntos de extracción de minerais antes de baixar á **praia da Mourella ou dos Botes** (porque tamén serve de refuxio a pequenas embarcacións), pasamos dela a do Cano Grande e volvemos á estrada, pero esta volta non imos a seguila senon que continuaremos polo camiño da beira que vai ás **praias do Cortello e do Rego** recollidas, excavadas nos cantís e protexidas por grandes rochas. No remate do camiño, pasadas as praias, hai un carreiro que, se a marea está baixa permite que baixemos polas pedras, á praia do Río e completemos o percorrido.



Praia do Cortello



Praia do Rego



Praia de Meirás e Punta Bieiteiro



Praia do Río



Praia do Cano Grande



Praia da Mourella ou dos Botes



COSTA DO PORTIÑO.

Na península das proximidades do Portiño atópanse interesantes mostras de rochas: na parte leste e central lousas e metagrauvas e na oeste granodioritas. Nas zonas de contacto aparecen filóns de seixo con arsenopirita que foron explotados a comezos do século XX para obter arsénico. Tamén podemos ver un importante sistema dunar e algunhas fallas.



Illote Castelo



Costa do Portiño e Ermida da Nosa Sra. do Mar



Cala do Porto e illa Herbosa